


# SUPLEMENTO

# DIA DAS LETRAS GALEGAS



Reunido en Ostiqueira o 17 de Maio do ano 1.984 o Xurado encargado do fallo do concurso literario convocado co gallo das Letras Galegas, acorda por unanimidades o seguinte fallo:

## NIVEL I (cursos 1º e 2º)

### Poesía:

1º premio: "Como a noite" de Siul de Eran  
(Luis Piñeiro)

Accésit: "Felicidade" de Indecisión  
(Mª Jacqueline Martínez)

### Narración curta:

1º premio: "A razón da forza" de Anduriña  
(Mª Luz García)

Accésit: "Meditación" de Jonxania  
(Ana Mª Rodríguez)

## NIVEL II (cursos 3º e COU)

### Poesía:

1º premio: "A miña soedade" de Lúa Branca  
(Mª Paz González)

Accésit: "Poesía", de Zalacain  
(Antonio Durán)

### Narración curta:

1º premio: "San Xuan de Nounin" (Francisco Reso)

Accésit: "Esta é a historia dun sábado..."  
(Rafa Girón)

## A razón da forza

Inda que até agora teño pouca experiencia, quérovos falar dos que usan a forza pra esballar ós que son mais febles ca eles. De maneira que vos vou contar a historia dunha anduriña.

A anduriña tiña o seu niño no lugar mais fermoso de España, entre a montaña e o mar. Pero había un problema, que era a rapacidade dos veciños, un melro, que moraba á esquerda da anduriña, e un gavián que tiña o seu niño nun outo piñeiro da dereita.

A anduriña tiña catro filliñas, e tan pronto saía á procura dalgunha comida para elas, aparecían o melro ou o gavián e facíana fuxir de camiño, polo cal, as súas condicións de vida, eran moi difíciles.

-¿Por qué non temos mais comida, mamá? -preguntábanlle as fillas.

- Ai filliñas!, non poido facer mais. Hoxe mesmo, cando viña, chegou ese melro das patas marelas e deume unha trabada no rabo que casi me arrinca.

-¿E por que, mamá?

-Porque el é mais forte ca nós.

E dormíanse todas co papo valeiro.

O outro día as catro anduriñas preguntaban:

-Ou mamá, ¿e nós cando imos aprender a voar?

-Xa virán tempos milliores, filliñas.

Pero todo seguía o mesmo, e as catro anduriñas, que ían medrando moito, cáseseque xa non cabían no niño. De modo que un día dixo a nai:

-Inda que non somos fortes, temos que cumprir o noso destino, así que, tan pronto como saian o melro e o gavián, sairemos nós tamén pra que poidades facer exercicio.

E así foi. Tan cedo como os veciños se botaron a voar, saíron todos a camiñar polo tellado.

-Movede ben as asíñas-decía a nai-e dadé uns brinquiños pra que aprendades a levantarvos do chan.

As catro anduriñas, cheas de ledicia, brincaban axitando as asas e até voaban un pouquiño, pero no millor chegou o melro que lles dixo:

-¿Qué facedes aquí?

-Estamos facendo exercicio para que as miñas filliñas saiban voar ben.

-Este camiño non é para vós. Nós somos os primeiros.

-E iso, por qué?

-Porque somos los mais fortes. Foral-berrou o melro.

E as pobres anduriñas tiveron que refuxiarse no niño.

Mais ó día seguinte voltou a decir a nai:

-Hoxe imos sair voando cara ó piñeiro de alif, é pouca distancia.

-¿E como imos voltar?

-Sebiremos ás polas mais outas e poderedes chegar ben até aquí.

Fixeron así, e xa as pequenas anduriñas iban comenzando a voar con algo de xeito, cando chegou o gavián.

-¿Que é o que facedes aquí?-berrou- ¿non sabedes que o camiño polo ar é meu?

-¿E iso por que?-preguntou a anduriña.

-Porque teño a forza. Fora!

E as anduriñas metéronse no niño de mergullón, porque aquel bárbaro era capaz de comelas.

Pasaron os días e de novo dixo a nai:

-¿Que vos parece se imos até a praia e voamos por derriba do mar a ver se cazamos algo?

-Moi ben-dixeron a coro as catro anduriñas.

-E foron por riba do mar á procura de mosquitos, pero... sempre hai un pero, chegaron as queivotas.

-¿Que facedes aíquí?-berraron-¿Inda non sabedes que o mar é noso?

-¿E iso por que?-preguntou a anduriña unha vez mais.

-Porque temo-la forza. Fora!

E non tiveron mais remedio que fuxir, pero entón, xa as súas asiñas eran mais fortes e voaban millores, así que a nai dixo:

-Nós fomos creadas pra cumprir un destino, e imos a conseguilo como sexa.

Se non escoitan razóns empregaremos-las nosas forzas.



E ó día seguinte, cando o melro as atacou, fixéronlle frente todas a unha e fixérono fuxir. Entón encamiñáronse cara ó seu destino.

¿Lograrían chegar? Aínda é cedo pra sabelo, pero polo menos comenaron a loitar e hai que espera-lo millor.

E agora que xa se acabou o conto, reparo en que non vos dixen o nome da anduriña:

Chámase Galicia.





### FELICIDADE

Nunha tarde oscura  
sentín soidade de algo que non coñecía,  
busquei , e rebusquei na miña vida,  
mais daquelo non había.

Seguín buscando na miña pena,  
e preguntábame que sería,  
¿qué sería aquilo que buscaba?  
pero ninguén , ninguén me respondía.

Un día encontrei a resposta desexada.

¿Que me pasaba?.Eu xa o sabía,  
soio felicidade era o que me faltaba  
felicidade era o que eu quería.

Pero era tan difícil conseguila  
que pensalo xa me avalgaba.



¿Pero que me pasaba?  
ela a mín non me buscaría,  
era eu quen tiña que buscala,  
e salín na sefa busca aquel día.

Dende aquela sei unha cousa nova  
a felicidade non se fai coma o pan na panadería,  
a felicidade hai que buscala,  
a felicidade hai que vivila,  
e se alguén de vosoutros é o que buscaba  
que non se cerre , que saia e que viva.

Poesía é luz  
é vida  
é brason do meu escudo  
é bandeira da miña terra  
é luz nas tebras  
é soma na brancura  
espello de virtudes  
ceo con estrelas  
é luz vida ceo gloria  
amor paixón e terra

Tí poesía  
que tanto dís sin decir nada  
tí que fuches escudo , lanza e espada  
dun pobo sulagado , pisado e machacado  
desperta ese pobo do seu dormir prehistórico  
e dalle luz, amor, verdade  
pero sobre todo libertade.

(ZAJACAIN)



A miña soedade é o teu recordo

O que carece de imaxinación  
lembranzas e espranzas  
e é presa do pesimismo  
xenreira e tontería  
ese , é incapaz de soportar a soedade  
porque non sabe encher o valeiro.

Para min a soedade  
é un mar de vida  
con ondas de ledfoia,  
un mar transparente  
onde se debuxa o oco azul  
e onde o sol apaga os seus raios.

Tí es o mariño,  
o rei dese mar  
í eu , unha pobre Serea  
que escoita o teu canto  
doce e tenro  
esperando a noite  
pra contemplar a tua silueta  
dibuxada polo reflexo da lúa  
no escuro horizonte.

Adouro ese mar  
vivo nel porque tí vives nel  
e báñome nel.

Pero onde mais desexo bañarme  
é nos teus ollos , profundos e limpos.

(LUA BRANCA)

Como a noite

¡Mouro!  
da tua cadea provocado,  
o medo.  
Por un complexo  
vil,  
as longas mans reprendían  
a miña raíña.

Foi él , o medo ,  
mouro,  
medo,  
aniquilador,  
de pensamentos,  
quen despertou a tua fame,  
fame de morte.

Cores que  
por propia vontade engulidas,  
a pouco fan de tí,  
Beatriz,  
un cadaver.

(Siul ed Eram)

## San Xuan de Mouriscos

- ¿Conoce usted a alguna persona que sepa leyendas o cuentos que vengan de antiguo?

- Pois mire... Neste pobo case todo o mundo sabe algunha, pro as milloras sempre as conta "Celestino das Rodas".

- ¿Y dónde vive ese señor?

- Ten que ir vostede até a Igrexa, e alí colla a congostra que vai ó cemiterio. Uns pasos antes deste ten que coller un carreiro que o levara sen perda á súa casa.

O home subeu ó Land -Rover e este foxu entre grandes bromidos.

"Este debe ser" pensou o home referíndose ó camiño que tiña diante dos pés.

A esquerda quedaba o lóbrego cemiterio cun aspecto mais tenebroso ca o normal polas trepadeiras que o cobrían e os panteós en ruínas que o ocupaban. O home avanzou rápidamente polo camiño a pesar da lama que este tiña. Os dez minutos de camiño viu uns cortellos e cabanas dispostos dunha forma entre si que logo parecían unha casa. Tres galiñas saíron axotadas así que aviron ó home e perdéronse tras dun palleiro de herba seca.

Neste había un can deitado que se espertou co ruído formado polas galiñas e púxose a ladrar diante do home.

Un vello con boina parca, farrapos por vestido, zocas medio abertas, barba duns días, e consumido polas arrugas saía cunha galleta na man do mais novo dos cobertizos decindo:

- Cala "Berros", deixa o señor. Chamolle así porque sempre está berrando. Supoño que a vostede mandárono aquí desde o pobo.

- Sí me dijeron que vivía aquí el Sr. Celestino.

- Bueno home, díxéronlle Celestino das Rodas que non me importa. Pro ¿qué quere?.

- Verd, me dijeron que el pueblo que usted sabía muchas leyendas. Yo soy un historiador de Santiago, y estoy recogiendo datos acerca de lo que pudo suceder o sucedió para fundar la hipotética Iglesia de S. Xoán de Munín.

- ¿Vostede tamén a coñece?

- Pues no mucho, por eso quería saber cosas acerca de ella.

- Pois é vostede a primeira persoa que me fala desa lenda. Pro véñase pra dentro que estaremos mais cómodos.

Entraron na cabana e sentáronse nuns taburetes. O home sacou un bloc e un boli-grafo mentres que Celestino facía un pitillo e escomenzaba a fumarlo o tempo que que decía:

- Eu entereime polo meu abó, que en paz descansa, e voulle contar todo o que dela sei. A noticia a min chegoume a través do meu abó nun día en que me dixo que me fa contar un conto. Cando acabou díxome que esa historia estaba escrita nun libro moi antigo que el tiña moi gardado, e só me diría onde cando fose morrer. Así foi, e cando estaba no leito agonizante, pideu falar a solas conmigo, decíndome que tiña o libro no dobre fondo dunha baúl. Sin que ninguén o soubera fíxeme co libro e escapei pro monte pra lalo outra vez. O libro as tapas negras, e na primeira folia un dibujo de dous homes liados, un con pinta de demo e outro con pinta de Deus.

O libro non lle entendín nada pois non estaba escrito na nosa lingua...

O home interrompeuno:

-Estaría en latín

-¿E iso qué é?

-Nada, nada... Prosiga.

-Bueno, como lle decía, non estaba na nosa lingua, de modo que me pareceu cousa demoníaca e queimada, pero nunca se me foi do meu pensamento a historia que meu abó me contara dous ou tres anos antes.

-Estoy preparado para escucharle.

-Ben, pois velahí vai. Munín foi un pobo de cando o mundo estaba dominado polos señores dos castelos. Nel vivían os aldeanos, que todos se dedicaban á labranza menos un, Xoán, que naide sabía de que vivía, pro como non lle facía mal a ninguén, e si ben, tampouco ninguén se metía con él. E digo que si facía ben porque cando había algún enfermo, Xoán iba xunta del, faláballe unhas cousas de Deus e o enfermo non tardaba en poñerse de xeito.

"Un día, cando os labregos se ergueron pola mañán, viron a porta do muiño aberta, e ó ir a pechala, un home barbudo, muy mal vestido cunha túnica remendada e descalzo que estaba dormindo dentro escapou pola ventá pros montes.

"Dali a unha tempada un aldeano descubriu unha cabana no meio do monte, e pensouse que sería daquel barbudo. Era o tempo das colleitas. Todos os do pobo collían pra comer e pra paga-los impostos ó seu señor do castelo. O trigo estaba medrando, pro cando chegou o tempo de recollélo, pasou un feito desagradable, pois da noite a mañán as colleitas apareceron destrozadas, coma se unha manada de vacas pasara por derriba delas. Como non había razón algunha pra que iso pasara, votáronlle a culpa ó barbudo do monte, e decidiron votalo dali. Foron os homes do pobo até a súa casa armados con gadañas e galletas. Pro cando chegaron a ela, por un feito extraño, ningún dos homes se acordaba a que fora alí. Voltaron pro pobo, e o chegar déronse cuenta de o que fan buscando e volveron pra aló. Pasoulles o mesmo caso. Outras dúas veces o intentaron e conseguiron os mesmos resultados. Entón decidiron pedir-lle axuda a Xoán. Este díxolles que Deus estaba con eles, e que un home debía ir á tardía ó monte, a meio camiño entre o pobo e a cabana, e poñerse a berrar:

"Xoán de Munín desafiate, Demo!"

"Votouse ás sortes o home que sería e aló foi un. Cando volveu Xoán díxolles a todos que debían meterse nas casas e non saír até que amencese de novo. Isto fixeron todos os aldeanos. Aquela noite houbo unha gran tronada que a quen mais a quen menos meteulle o medo no corpo.

"Pola mañán ergueronse e saíron, e viron unha cousa que os sorprendeu moitísimo: no meio da plaza había unha Igrexa cas portas abertas, que aparecera alí durante a noite. Os aldeanos entraron nela fitando pra todo-los lados. A Igrexa era totalmente de pedra, cuns furados nos muros que servían pra darlle unha pouca de iluminación. Non había un soio adorno, senón unha gran cruz no sito que lle correspondía ó altar. Na cruz estaba crucificado o bon de Xoán, cas cuncas dos ollos velleiras e flaxelado por todo o corpo. O pé da cruz escrito en sangue poñía: "Matareivos a todos".

"A gran cruz e a Igrexa servirán pra axota-lo demo dalí, pro él xa se vengara de Xoán e fase vengar dos demais.

"Os aldeanos colleron un grammeo que se lles foi indo o pasa-lo tempo, pois non pasaba nada e a cabana do monte desaparecera.

O edificio chamáronlle Igrexa de S. Xoán de Munín en honor do crucificado. O suceso colleu fama e escomenzaron a vir visita-la Igrexa peleggríns de moitos pobos polo que Munín empezou a ter auxe. Pro según dí a lenda ,cando pasou un ano dende aqueles sucesos, as casas do pobo desapareceron, así como tódolásculabregos sin deixar rastro. Do pobo soio quedaba a Igrexa nun desolado paraxe. A xente deu por considerar a aquela zona coma endemoniada e ningures volveu por alí. Disque agora non queda da Igrexa un montón de pedras".

-...además, queda la prueba de los escombros.

-Te digo que porque un montón de piedras esté sin motivo alguno en un desolado paraje no es motivo suficiente para probar que la leyenda de "S. Xoán de Munín" sea cierta, y por tanto no podemos incluirla en nuestro próximo tratado de "La Iglesia en la Edad Media" que debe tratar hechos veraces...

## Meu lapiceiriño

Meu lapiceiriño...

Por qué non tes punta?

meu lapiceiriño.


Aló fai deus meses  
cando eu te merquei  
na túa afiada punta  
lómbrome, me pinchei.

Meu lapiceiriño...

Por qué non tes punta?

meu lapiceiriño.

Todo o mundo desexaba  
empregarte pra escribir,  
e agora que vas velliño  
non fan mais que de ti se rir.



Meu lapiceiriño...

Por qué non tes punta?

meu lapiceiriño.

Agora que xa chegaches  
ó arrebal da senectude  
o teu pequerrecho corpo  
dos dedos se me espurre.

Meu lapiceiriño...

Por qué non tes punta?

meu lapiceiriño.

Non podes xa ser afiado,  
xa non podes punta ter,  
xa te vas da miña vida,  
xa te vas do meu querer.